

OS PORTUGUESES EN GRAN BRETAÑA: UNHA COLONIA MINORITARIA

Francisco R. Durán Villa

*M^a Luisa Pérez Fariña**

O estudo dos movementos migratorios non é un fenómeno recente, tanto en España como en Portugal, debido á forte incidencia que tivo esta lacra demográfica en ambos os dous países. Co transcorrer dos anos, fundamentalmente ao longo da sétima década da presente centúria, comenzaron a proliferar os traballos sobre esta temática, realizados baixo múltiples enfoques e desde variadas ramas da ciencia. Sen embargo, a constante xeral foi a preocupación pola análise das saídas e as súas consecuencias nos países emisores, deixando relegado a un segundo plano o estudo das colonias establecidas nos respectivos Estados de acollida.

No presente traballo pretendemos dar a coñecer as características demográficas e a distribución espacial da colonia portuguesa residente en Gran Bretaña, ao amparo dos datos extraídos do último Censo británico (Census 1981), concretamente das súa sección "Country of Birth". Ao mesmo tempo, procuraremos establecer unha comparación coa colonia española, debido á grande similitude que posúen e á estreita vinculación existente entre ambas as dúas.

Rastrear as orixes do establecemento dos portugueses no Reino Unido é, a priori, unha laboura imposible. A primeira fonte estadística británica que fai mención a este colectivo e o censo de 1861 (1), onde se recollen un total de 527 lusitanos fronte aos 1.337 españois. Unha supremacía española que nos sorprende, se temos en conta os estreitos lazos político-comerciais que mantivo Portugal desde 1661, en plena guerra de Restauración, con Inglaterra. A modo de exemplo, podemos sinalar o tratado de Methuen de 1703, polo que os ingleses ven ampliada a súa área de mercadería a cambio da importación dos viños portugueses. Uns tratados comerciais que, co devir dos anos, sumeteron a Portugal a unha estreita dependencia dos produtos manufacturados británicos, condicionando, en certo modo, o seu propio despegue industrial.

O desprazamento dos portugueses cara ao Reino Unido enmarca-se dentro do cambio de rumbo que adquiriron, paulatinamente, os movementos migratorios internacionais unha vez rematada a segunda guerra mundial. Non obstante, a conxunción dunha serie de factores nacionais e internacionais determinarán que a eclosión das saídas cara ao mercado de traballo europeo non se experimente até os albores da década dos anos sesenta.

En primeiro lugar, e obrigado sinalar a longa traxectoria migratoria ultamarina existente en Portugal, favorecida polo trato preferencial dado á man de obra lusitana no Brasil, á existencia de empregos e prósperos territorios coloniais en África e, en última instancia, tamen xogou un papel decisivo a conservación dun réxime ditatorial, ao igual que en España, próximo as potencias vencidas na recen terminada conflagración bélica mundial, empeñado, até mediados dos anos cincuenta, en fixar á poboación no seu entorno para reducir os seculares desequilibrios inter-rexionais, ao traveso dunha política de exaltación dos valores tradicionais portugueses, o que aminorou indirectamente ao éxodo cara ao exterior.

No caso concreto de Gran Bretaña, suman-se ás cortapisas sinaladas outros condicionantes que, unha vez analisados, permiten-nos comprender o porque da escasez e as diferencias de efectivos desta colonia, en comparación coa española e a italiana, se temos en conta que estes tres Estados periféricos constituiron a principal reserva de man de obra para o "deficitario" mercado de traballo dos países europeos desenvolvidos.

Seguindo unha orde cronolóxica relativa, podemos salientar entre estes condicionantes a ausencia dunha tradición migratoria co Reino Unido, en contra do que ocorre en España, onde as fontes históricas recollen o desprazamento forzoso de españois cara á "Rubia Albión" en tempos do Edito de Nantes, un desprazamento forzoso que reaparece e alcanza o seu punto alxido tras o regreso de Fernando VII en 1823 (2), e que se perpetua cun carácter económico desde a segunda metade da pasada centuria. A neutralidade portuguesa perante a segunda guerra mundial é outro factor a ter en conta, xa que impediu participar aos seus traballadores do "Batallón europeo de Traballadores Voluntarios" (European Voluntary Workers), un sistema de contratación de man de obra instaurado polo goberno presidido por Attlee en 1946 (3), no que nos atopamos cun nutrido grupo de italianos e de excombatentes españois, antigos membros da Lexión Estranxeira. Por último, encuadrados dentro dunhas pautas económicas, característica que nos define dunha maneira explícita as migracións desenvolvidas no marco intraeuropeo desde 1945, a nos suscripción dun Tratado de Contratación co Reino Unido actuou en detrimento duns desprazamentos masivos cara este país, a diferenza do que nos atopamos no caso italiano.

Ao amparo do total de residente portugueses en Gran Bretaña, 16.510 en 1981, podemos afirmar que nos atopamos ante unha colonia minoritaria. A conxunción de todos os factores expostos nas liñas precedentes sitúan-na franca desvetaxa cos naturais de España e de Italia, cuxo volume ascende a 40.051 e 97.848, o que supón, en termos relativos, o 0,49% dos inmigrantes establecidos no país.

Para atopar o xerme da colonia actual en Gran Bretaña, temos que retrotraer-nos até 1945, ano a partir do que comenza a afluir ao Reino Unido un importante continxente de portugueses en mans dos "axentes de emigración", uns "tratantes" que se encargan de reclutar de maneira clandestina persoas en idade laboral, fundamentalmente mulleres, obtendo con isto inxentes beneficios (4). Para estes traballadores o Reino Unido constitúe o primeiro paso do seu proceso migratorio. As súas aspiracións, segundo se desprende do

enquérito realizado in situ, eran o poder obter diñeiro para mercar unha pasaxe con destino ao Brasil, segundo a expresión dos que se asentaron definitivamente no país obxecto do noso estudo "Pra ir o Imperio".

A firma do armisticio en 1945 deixou-se sentir dunha maneira ostensible no volume de entrada de estranxeiros no Reino Unido, dos 32.032 inmigrantes contabilizados en 1944 pasa-se a un total de 106.552 ao ano seguinte, unha tónica ascendente que tamén se patentiza nos procedentes de Portugal (1944, 524 y 1945, 640) e España (1944, 164 y 1945, 600), mentres que os italianos manteñen a traxectoria descendente iniciada desde o estalido da contienda. A partir destes momentos e ate 1954 –ano de entrada en vigor da "Aliens Order, 1953", Lei pola que se rexirá a entrada e establecemento dos estranxeiros non procedentes de Irlanda ou dos países membros da Commonwealth– a meia anual de entradas dos portugueses se sitúa en 2.706 persoas, mentras que os españois acadan unha media de 5.160 e os italianos, que despegan cun ritmo acelerado a partir de 1946, rexistran un promeio de 22.493 entradas perante o mesmo período.

No obstante, se temos en conta a aqueles traballadores que entran no país en posesión dun permiso nominativo de traballo, os valores antes expresados reducen-se dunha maneira ostensible concretamente ascenden a un total de 3.010, fronte as 12.345 (5) entradas consignadas polos oficiais de inmigración, o que nos pon de manifesto que a clandestinidade deste movemento non se circunscribe ao modo de saída (via turística), senon que afecta á entrada no país de acollida, xa que a "Aliens Act" de 1919, establece que todo estranxeiro que desexe entrar ao servizo dun empresario particular deberá presentar ao oficial de inmigración un "permiso de traballo", expedido pola autoridade competente.

Desde a entrada en vigor da "Aliens Order, 1953", é ao amparo do establecido no seu artigo 4.(1). (b) –que mantén a obrigatoriedade da posesión dun "permiso de traballo"– aistimos a un incremento continuado, pero cun ritmo moderado, do número de traballadores portugueses ate 1970, ano no que se alcanza a cota máis elevada de todo o período (1698 inmigrantes), coincidindo co momento no que se rexistra o maior número de saídas de Portugal cara Europa (157.400 emigrantes).

De compararmos o promeio de entradas dos inmigrantes laborais, e dicer en posesión dun permiso de traballo nominativo, co correspondente ao total de portugueses chegados ao Reino Unido entre 1954 e 1970 (669 e 13.372 respectivamente), podemos afirmar que os lusitanos optaron para emigrar ao Reino Unido utilizando a vía turística, para o que é necesario mostrar ao oficial de inmigración, no momento da chegada, a capacidade do propio mantemento no país [Art. 4 (1) (a)], e efectuar o "registro policial" a partir do remate do segundo mes de estadia, ben utilizando un "permiso" obtido in situ [Art. 4 (1) (b)], ou poñendo a un familiar ou amigo como aval [Art. 16 (4)], en espera da consecución do devandito "permiso".

Este postulado ven refrendado polo incremento da colonia portuguesa neste país, que pasa dos 1.361 residentes en 1951 aos 16.510 de 1981, un crecemento inustificábel ao traveso da chegada dos que denominamos "laborais" ou do propio dinamismo demográfico destes efectivos residentes.

Centrando-nos en 1981, a poboación orixinaria de Portugal presenta unha clara configuración fiminina (55,12% de mulleres fronte ao 44,88 varóns), o que equivale a dicer, segundo se desprende do cálculo do "índice de masculinidade", que existen 81,44 varóns por cada

100 mulleres nesta colonia. Este desequilibrio entre os sexos, similar ao experimentado polos españois cun 56,35% respectivamente (6) e extensíbel ao conxunto de estranxeiros (51,73% de mulleres e 48,63% de varóns), responde á demanda do mercado de traballo británico, caracterizado por unha tradicional escasez de man de obra no servizo doméstico e hospitalario, favorecido no noso caso particular polo reclutamento de persoal masculino en Portugal para as forzas expedicionarias destinadas nas súas provincias africanas.

A forte concentración das ofertas de emprego no servizo doméstico e nos hospitais explica-nos o predominio fiminino das rexións do "Sureste" 55,86% (Londres), "West Midlands" 54,2% (Birmingham), e os empregos do sector turístico serán os responsabeis en "Wales" (55,38%) e no "South West". En contraposición a elas, as rexións industriais do "North West" e de "Yorkshire and Humberside" presentan unha preponderancia masculina, cun 50,51% e 50,01%, un rasgo que se acentua na "North Region" polo seu carácter eminentemente agrícola e a ausencia de importantes concentracións urbánas a diferencias das dúas últimas rexións mentadas (Fig. 1).




fig. 1.- Demarcacións administrativas de Gran Bretaña:

- | | |
|--------------------------|-------------------------|
| 1.- Escocia | 6.- Midlands do Oeste |
| 2.- Rexión do Norte | 7.- Midlands do Leste |
| 3.- Humberside-Yorkshire | 8.- East Anglia |
| 4.- Rexión do Noroeste | 9.- Rexión do Sureste |
| 5.- Gales | 10.- Rexión do Suroeste |




fig.2.- PIRAMIDE DA COLONIA PORTUGUESA EN 1981

A distribución por grupos de idades reflecte un forte predomínio do grupo comprendido entre os 20 e os 64 anos (78,40%), un fenómeno lóxico ao tratar-se dun colectivo eminentemente laboral, seguido en orde de importancia polo grupo dos xovens cun 16,24%, o que nos esta a indicar a existencia dunha colonia envellecida. Non obstante, as porcentaxes correspondentes aos xubilados 5,36% e aos menores de 40 anos (51,15%) impiden-nos ser tan categóricos na nosa afirmación e obriga-nos a situa-la nun estadio de transición.

A pirámide de idades reflectiva na figura 2, mostra dunha maneira máis drástica que os índices anteriores o problema do envellecimento. A súa forma en urna esta-nos a falar dunha poboación en declive, como resultado do descenso do crecemento vexetativo experimentado nesta colonia, proba dilo é a insignificancia da base, e pola ralentización das entradas desde a posta en vigor da "Immigration Act, 1971, en 1973, cuxos efectos se dixan sentir nos pasos situados por debaixo do grupo de idades dos 35-39 anos, lixeiramente engrosado pola banda feminina, gracias aos aportes das traballadoras temporais coñecidas como "au pairs" (7).

Seguindo a tónica xeral, os casados e os solteiros constitúen os grupos predominantes dentro desta colonia, cun 64,87% e un 29,28% respectivamente, mentres que os viúvos e divorciados sí representan o 3,03% e 2,82% respectivamente. Se poñemos en relación esta estrutura co sexo atopamo-nos cunha grande similitude no que concerne aos casados e solteiros, mentres que as diferencias son patentes entre os viúvos e divorciados, son francamente superiores no sector feminino:

	viúvos%	divorciados%
varóns	0,6	1,95
mulleres	4,95	3,51

A polarización das ofertas de traballo procedentes do servizo doméstico, hospitais e hoteis determinou a forte concentración destes traballadores no "Sureste" (82,63%), en detrimento das restantes rexións (8), e dentro dela na área metropolitana londinense (79,69%), concretamente nos bairros de Notting Hill Gate, Belgravia, Knigebridge e Holland Park, o que contribúe decisivamente a facilitar a accesibilidade ao lugar de traballo, reducindo-se a coste de transporte e o tempo empleado nos desprazamentos. Sen embargo, e a pesar desta relativa concentración, a súa presenza fai-se imperceptíbel, de aí que algúns autores ao referir-se a ela empleen o termo de "inmigrantes invisibles", facendo extensíbel a denominación ás colonias española e italiana.

NOTAS

*Este traballo foi presentado ao IV Congreso Galaico-Mínho.

- (1) O Censo de 1851 só fai referencia aos portugueses residentes en Londres, que ascenden a un total de 351.
- (2) A finais de 1828 atopamo-nos en Londres con pequeno grupo de liberais portugueses, exiliados tras a subida ao trono, con axuda de Fernando VII, do infante D. Miguel.
- (3) Este sistema de reclutamento de man de obra, en vigor até 1951, caracterizaba-se por un marcado carácter discriminatorio, no que o traballador estranxeiro carecía de todo

tipo de dereitos e era susceptíbel de expulsión en calquer momento.

- (4) Os axentes de emigración comezaron a actuar a grande escala en España desde mediados dos anos cincuenta, sendo o seu principal campo de operacións Galicia.
- (5) No total absoluto de entradas non aparecen consignados os estranxeiros que realizan escala no país, incluso se a súa estadia se prolonga varios días.
- (6) Se nos atemos ao volume de saídas asistidas cara ao Reino Unido polo Instituto Español de Emigración entre 1962 e 1979 comprobamos que as mulleres representaron o 44,20% fronte 55,80% correspondente aos efectivos masculinos. Sen embargo, se nos circunscrebemos a Galicia observamos un predominio das mulleres 54,35%, unha característica exclusiva a este movemento o que o diferencia dos restantes operados en todo o territorio nacional (DURAN VILLA, F.R., 1985, 38).
- (7) A entrada en vigor dunha nova normativa inmigratoria británica en 1980 (Statements of Changes in Immigration Rules), cerra definitivamente o campo laboral clásico ao que podían acceder os portugueses. As súas repercusións aparecerán reflectidas nitidamente no Censo de 1991.
- (8) "North Region" 1,06%; "Yorkshire and Humberside" 1,43%; "East Midlands" 1,18%; "East Anglia" 1,18%; "South West" 2,96%; "West Midlands" 2,68%; "North West" 3,19%; "Wales" 2,20% e "Escócia" 1,23%.

BIBLIOGRAFIA

- BAKLANOV, E.M. (1980): La transformación económica de España y Portugal. Barcelona, Espasa-Calpe S.A.
- DURAN VILLA, F.R. (1985): La emigración gallega al Reino Unido. Santiago. Public. Caixa Galicia.
- DURAN VILLA F.R. y PEREZ FARIÑA, M.L. (1989): Cambios demográficos y coyuntura socio-económica en Portugal durante la presente centuria. Rev. Paralelo 37, nº 13, pp. 97-104.
- GASPAR J. (1983): Le Portugal: evolution demographique recente. Ref. Mediterranee, nº 4, pp. 3-9.
- HUSBAND, C. (Ed). (1985): Race in Britain. London, Hutchinson & CO.
- MACDONALD, J. S. (1972): The invisible immigrants. London, A Runnymede Industrial Unit Publication.
- MONIER, A. (1980): L'Itali, L'Espagne et le Portugal: situation demographique. Rev. Population, 4-5, pp. 927-958.